

---

# REVISTA MENSUAL

## HORTOCOLIÑA

---

XANEIRO 2019

---

### SUMARIO

- APADRIÑAMENTOS DE LECTORES
- INTERCAMBIO DE POSTAIS
- ALLOS, CEBOLAS E ESPINACAS
- UNHA VISITA DE ESTRELAS
- A PASARELA
- O DÍA DA PAZ
- IV CERTAME DO CAMIÑO INGLÉS

### COLABORADORES

- MARTA VILLAVERDE
- ALUMNOS DE 2ºB
- ALUMNOS DE 2ºB
- RODRIGO SOTO
- HUGO SEGOANE
- MARTA VILLAVERDE E MARÍA FEIJÓO
- RODRIGO SOTO E UXÍO ARIAS

## APADRIÑAMENTO DE LECTORES

Os nenos e nenas do 2 e 3 ciclo van ser padriños e madriñas dos nenos e nenas do 1 ciclo e de infantil.

Comezou 6ºB o día martes 22 de xaneiro, contáronlle uns contos os nenos e nenas de 5B de infantil, Carla e Marta, "A Ratiña Presumida" e , Laura e Uxío, "Como vencer o vento".

Ide preparando máis contos que esto anímase.

Moitas grazas os nenos e nenas de Celia por prestar tanta atención.



## INTERCAMBIO DE POSTAIS

Na última semana de primeiro trimestre fixemos o intercambio de postais.

Este ano tocounos con 5ºA de Infantil e 3ºB de Primaria.

Con anterioridade a este día, nos nosas respectivas aulas, preparamos as postais con mensaxes agarimosas.

Logo o día de intercambio, xuntámonos os 3 grupos no salón de actos. Comezou o intercambio... e foi moi emocionante recibilas da man dos nosos propios compañeiros.

Para rematar a actividade, merendamos todos xuntos lambonadas típicas desta época.



## ALLOS, CEBOLAS E ESPINACAS

Chove moito e fai frío para poder plantar no horto por iso nos estamos plantando en semilleiros: allos, cebolas e espinacas.

Así cando sexan máis grandes poderémolos transplantalos no horto.

As primeiras plantacións xa empezan a medrar.



## UNHA VISITA DE ESTRELAS

Os xogadores do Santiago Futsal : Santi, Jorge e 2º entrenador David, fixéronnos unha visita moi especial, na que nos concienciaron do importante que é reciclar. Ademais comentáronnos algúns aspectos do fútbol sala.



## A PASARELA

O primeiro día de colexio do segundo trimestre atopámonos un agasallo, unha pasarela para ir ao pavillón sen mollarnos. É de cor gris e ten barras de distintas cores.

Eu penso que é unha gran ventaxa para o noso colexio, e vós?

## O DÍA DA PAZ

O día 30 de xaneiro celebramos o día da Paz, fixémolos no salón de actos, cada grupo presentou a alguén relacionada ca Paz.

3 Anos A-B =Gandhi

4 AnosA-B =Riguberta Menchú

5 Anos A-B=Nelson Mandela

1º A = Martín Luterking

2ºA-B = Malala

3º A-B= Henri Dunant

4º A-B=Teresa de Calcuta

5ºA-B= Vicente Ferrer

6ºA-B=John Lennon

3ºA agasallouno ca canción “No dudaría” e 6ºB con “ Imagine” ( versión en francés)

Foi moi bonito!! E emocionante!!!

## IV CERTAME DO CAMIÑO INGLÉS

O mércores 30 de xaneiro, o concelleiro Antonio Leira e o periodista Cristóbal Ramírez. Viñéronnos visitar para contarnos que o Concello de Oroso convocaba o IV Certame de Traballos de Investigación, ademais dun concurso no que temos que escribir unha carta ao príncipe italiano, Cosme III de Médicis que pasou por Oroso cando estaba a facerse o Camiño Inglés.

Mans a obra e moita sorte a todos e todas!!!

